

ACTA NÚMERO: 03/2022

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 28 DE XANEIRO DE 2022.

Na sala de xuntas do Pazo Provincial sendo as 11 horas e 30 minutos do día 28 de xaneiro de 2022 réunense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidente: Don Carlos López Font, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. José Luis Mato Rodríguez, Vicesecretario da Deputación
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación das actas das reunións dos días 13 de xaneiro de 2022 (Reunión 01/2022) e 20 de xaneiro de 2022 (Reunión 02/2022).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra " Mellora da Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castela. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)". (Expte.- 2021038293).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguraza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2021041218).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas. (Expte.- 2021061290).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas. (Expte.- 2021061290).*
6. *Aprobación da valoración dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da xestión do servizo de asistencia técnico-educativa do programa "Depoaventura A Lanzada 2022". (Expte.- 2021035025).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente a documentación con criterios avaliáveis mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación da xestión do servizo de asistencia técnico-educativa do programa "Depoaventura A Lanzada 2022". (Expte.- 2021035025).*
8. *Aprobación da valoración dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade no marco do proxecto Labora 2020 (3ª convocatoria) cofinanciado polo FSE ao 80 % no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE). (Expte.- 2021045563).*
9. *Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente a documentación con criterios avaliáveis mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade no marco do proxecto Labora 2020 (3ª convocatoria) cofinanciado polo FSE ao 80 % no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE). (Expte.- 2021045563).*



10. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan no procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. (Expte.- 2021038283).*
11. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento convocado para a enaxenación por poxa pública de varios vehículos da Deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación e destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT). (Expte.- 2020049052).*

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, D. Uxío Benítez Fernández, Deputado do Grupo Provincial do BNG, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, Deputado do Grupo Provincial do PP e D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidencia, os asistentes manifiestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. *Aprobación das actas das reunións dos días 13 de xaneiro de 2022 (Reunión 01/2022) e 20 de xaneiro de 2022 (Reunión 02/2022).*

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes nas reunións votan a favor da aprobación das actas das reunións correspondentes os días, 13 de xaneiro de 2022 (Reunión 01/2022) e 20 de xaneiro de 2022 (Reunión 02/2022).

2. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)". (Expte.- 2021038293).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 10 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Urbanización e recuperación de espazos e mellora da mobilidade peonil na Avenida Castelao. EP-9803 (Concello da Illa de Arousa)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de xaneiro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas



económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL
- AUDECA SLU
- CIVIS GLOBAL SL
- CONSTRUCCIONES CASTRO-FIGUEIRO SL
- CONSTRUCCIONES FECHI SL
- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA
- ELSAMEX GESTION DE INFRAESTRUCTURAS SL
- EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA.
- NAROM SL
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.
- PRACE SERVICIOS Y OBRAS SA

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.



3. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)". (Expte.- 2021041218).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 17 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado da obra "Mellora da seguranza viaria na EP-8402 Cuntis-Cequeril, rúa da Palma (Concello de Cuntis)".

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 4 de xaneiro de 2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e técnica presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:
 - ARINES OBRAS Y PROYECTOS SL
 - AUDECA SLU
 - CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL
 - CONSTRUCCIONES FECHI SL
 - CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA



- CONSTRUCCIONES VALE, SL
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA RAMOS SL
- EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES MANUEL PEREZ PORTELA SL
- EXPLOTACIONES GALLEGAS SL
- FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL
- MONTAJES J M IGLESIAS SL
- MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, SOCIEDAD LIMITADA
- NAROM SL
- ORESA CONSTRUCCION Y SERVICIOS GLOBALES, S.L.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres “A” que presentaron as empresas admitidas ó Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas. (Expte.- 2021061290).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 23 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do *servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas*. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de decembro de 2021. Na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permanece baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.



Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), para proceder á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- Castro Consulting Business Strategy, S.L. (B 98640048)
- UTE ABRAMAR-EOSA.

5. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas. (Expte.- 2021061290).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que o anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 27 de decembro de 2022, e que a Mesa de Contratación na reunión do día 28 de xaniro de 2022 procedeu a efectuar a apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, sendo as empresas admitidas as seguintes:

- Castro Consulting Business Strategy, S.L. (B 98640048)
- UTE ABRAMAR-EOSA.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), para proceder á descriptación e descarga da documentación dos sobres “B” correspondentes á documentación técnica presentada polas empresas admitidas no procedemento aberto convocado para contratación do servizo da asistencia técnica para o desenvolvemento de workshops con actores do ámbito turístico para a promoción do destino Rías Baixas.



Unha vez que se empezou a descriptar a oferta da empresa Castro Consulting Business Strategy, S.L., produciuse un incidente na plataforma de licitación electrónica Vortal que impedía terminar co proceso de descriptado total do contido da oferta .

O Presidente, coa conformidade dos demais membros da Mesa de Contratación que asisten a reunión, acordan solicitar un informe a empresa VORTAL para que aclare os detalles que impiden o normal proceso de descriptación da citada oferta, e deciden pasar a tratar o seguinte punto da orden do día, mentras a plataforma continúa co proceso iniciado.

Así mesmo acordan que unha vez que o departamento técnico da empresa VORTAL, consiga solventar os problemas de descriptación da oferta técnica da empresa Castro Consulting Business Strategy, S.L., por parte do Secretario se proceda a trasladar a documentación descargada dos sobres “B” que presentaron as empresa admitidas, os técnicos do Servizo de Turismo Rías Baixas, para que avalíen e ponderen as propostas técnicas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

6. *Aprobación da valoración dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación da xestión do servizo de asistencia técnico-educativa do programa “Depoaventura A Lanzada 2022”. (Expte.- 2021035025).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 17 de decembro 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de asistencia técnico-educativa do programa “Depoaventura A Lanzada 2022”.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 3 de xaneiro de 2022 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5/01/2022. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

A presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica VORTAL e a Mesa de Contratación na reunión do día 20 de xaneiro de 2022, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondente á documentación administrativa sendo as empresas presentadas e admitidas as seguintes:



- SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. (B-94011665)
- GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905)

Así mesmo a Mesa de Contratación na reunión do día 20 de xaneiro de 2022 tamén acordou trasladar a documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor descargada dos sobres “B” que presentaron as empresas admitidas, ao Servizo de Cohesión social e Xuventude, ao obxecto de que os técnicos do citado servizo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

A Xefa do Servizo de Cohesión Social con data 24/01/2022, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

	Deseño e implantación proxecto lúdico educativo (26 puntos)	Protocolos de actuación (8 puntos)	Puntuación sobre B “xuízos de valor”
SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. (B-94011665)	7,98	1,25	9,23
GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905)	24,00	8,00	32,00

A Mesa de Contratación en base ó informe emitido pola Xefa do servizo de Cohesión Social con data 24/01/2022 acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas.
 2. Que non se efectúe a apertura do sobre “C” presentado pola empresa SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliables mediante xuízos de valor (17,00 puntos), tal e como establece a cláusula 9 do Prego de cláusulas económico-administrativas que rexen neste procedemento aberto.
- 7. Apertura electrónica dos sobres “C ” correspondente a documentación con criterios avaliables mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación da xestión do servizo de asistencia técnico-educativa do programa “Depoaventura A Lanzada 2022”. (Expte.- 2021035025).**



O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre “B” polas empresas admitidas ao procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de asistencia técnica educativa do do programa “Depoaventura A Lanzada 2022”, e que foron as seguintes:

	Deseño e implantación proxecto lúdico educativo (26 puntos)	Protocolos de actuación (8 puntos)	Puntuación sobre B “xuízos de valor”
SUPERNOVA ASISTENCIAS S.L.U. (B-94011665)	7,98	1,25	9,23
GOLFIÑO XESTIÓN DE OCIO S.L. (B-70072905)	24,00	8,00	32,00

Así mesmo informa que non se vai a proceder a apertura do sobre “C” presentado pola empresa Supernova Asistencias S.L.U., por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asinable dos criterios avaliados mediante xuízos de valor (17,00 puntos), tal e como establece a cláusula 9 do Prego de cláusulas económico-administrativas deste procedemento aberto

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada no sobre “C” pola empresa Gofiños Xestión de Ocio S.L., ao acadar unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (17,00 puntos) en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

O valores ofertados no sobre “C” foron os seguintes:

GOLFIÑOS XESTIÓN DE OCIO S.L.

1.- Prezo ofertado para as 11 quendas do Programa Depoaventura a Lanzada 2022:

Importe sen o IVE: 194.438,13 €

IVE (10%): 19.443,81 €

Importe total ofertado: 213.881,94 €

2.- Incremento do número de actividades en lingua inglesa a maiores do mínimo esixido (O mínimo esixido é de 1 actividade): (Sinalar cun x a opción elixida)



- 10 actividades en lingua inglesa a maiores	X
--	---

3.- Oferta de dúas camisetas serigrafiadas para entregar a cada menor.(Sinalar cun x a opción elixida)

	SÍ	NON
Oferta de dúas camisetas serigrafiadas para entregar a cada menor		X

A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

8. *Aprobación da valoración dos sobres “B” correspondente á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade no marco do proxecto Labora 2020 (3ª convocatoria) cofinanciado polo FSE ao 80 % no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE). (Expte.- 2021045563).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 3 de decembro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020.. O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 14 de decembro de 2021. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

As empresas admitidas foron as seguintes:

Lote 1



- Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL

Lote 2

Non se presentou ningunha empresa

Lote 3

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL
- Fundación Laboral de la Construcción

Lote 4

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL

Lote 5

- Magnafor Qualitas SL

Lote 6

- Be One Campolongo SL

Lote 7

- Big Formación SL

Lote 8

- Magnafor Qualitas SL

Lote 9

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL

Lote 10

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL



Lote 11

Non se presentou ningunha empresa

Lote 12

- Moba Skill Training SL
- Eurotec Inspección SLU

Lote 13

- G12 Grupo empresarial de servicios SL
- Centro de formación ICA SL
- Centros agrupados de formación empresarial SL (Lote 13)
- Formacomer Gadicom SL

A Mesa de Contratación na reunión do día 30 de decembro de 2021 procedeu á apertura dos sobres “B”, documentación técnica, aportada polos licitadores ó procedemento convocado para a contratación do referido servizo, remitíndose dita documentación aos técnicos do Servizo de emprego para á súa valoración.

O Xefe dos Servizo de Emprego, D. Manuel Corujo Castro, con data 24 de xaneiro de 2022, emitiu informe relativo a valoración da documentación técnica presentada polos licitadores con (CSV) AJGPQ1FVGZDE8DFH figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Nº de Lote	Empresas Licitadoras	1.- Proposta de seguimento e avaliación do itinerario formativo, ata un máximo de 16 puntos	2.-Planificación: Plan de traballo, ata un máximo de 16 puntos	3.- Medios e materiais didácticos, ata un máximo de 7 puntos	Total (Máximo 39 puntos)
1	PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN S.L. (PIXFOR)	9,5	10,5	4,0	24,0
2	DESERTO				
3	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	7,0	11,0	5,5	23,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
4	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5



Nº de Lote	Empresas Licitadoras	1.- Proposta de seguimento e avaliación do itinerario formativo, ata un máximo de 16 puntos	2.-Planificación: Plan de traballo, ata un máximo de 16 puntos	3.- Medios e materiais didácticos, ata un máximo de 7 puntos	Total (Máximo 39 puntos)
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
5	MAGNAFOR QUALITAS S.L.	14,0	14,0	7,0	35,0
6	BE ONE CAMPOLONGO S.L.	8,0	12,0	3,5	23,5
7	ACADEMIA TRINIDAD SL / BIG FORMACIÓN	8,0	12,0	3,5	23,5
8	MAGNAFOR QUALITAS S.L.	14,0	13,5	7,0	34,5
9	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
10	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
11	DESERTO				
12	EUROTEC INSPECCIÓN S.L.U.	2,5	5,0	1,5	9,0
	MOBA SKILL TRAINING S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0
13	CENTROS AGRUPADOS DE FORMACIÓN S.L. (CENAFORM)	9,0	11,5	2,5	23,0
	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	6,5	6,5	0,5	13,5
	FORMACOMER GADICOM SL (FORMACOM)	9,0	11,5	5,0	25,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	14,0	14,0	6,0	34,0

A Mesa de Contratación en base ao informe do Xefe dos Servizo de Emprego, D. Manuel Corujo Castro, de data 24 de xaneiro de 2022, acorda:

1. Prestar conformidade as puntuacións acadadas nos diferentes lotes aos que optan as empresas admitidas no procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020 cofinanciado polo FSE ao 80 % no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE).
2. Que non se efectúe a apertura dos sobres "C" presentados polas empresas, EUROTEC INSPECCIÓN S.L.U., no lote 12, e CENTRO FORMACIÓN ICA S.L., nos lotes 3, 4, 9, 10 e 13, por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asignable (19,50 puntos) en función dos criterios avaliáveis mediante un xuízo de valor (sobre B) esixido para a continuidade no procedemento selectivo aberto, segundo consta no punto 9.1 do prego



de cláusulas económico-administrativas particulares deste procedemento aberto.

9. Apertura electrónica dos sobres "C" correspondente a documentación con criterios avaliábles mediante fórmulas, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación conducente á obtención de certificados de profesionalidade no marco do proxecto Labora 2020 (3ª convocatoria) cofinanciado polo FSE ao 80 % no contexto do programa operativo de emprego, formación e educación (POEFE). (Expte.- 2021045563).

O Secretario informa os asistentes da puntuación acadada no sobre "B" polas empresas admitidas ao procedemento aberto para a contratación do Servizo de impartición de itinerarios formativos que inclúen formación correspondente a obtención de certificados de profesionalidade (3ª convocatoria) no marco do proxecto Labora 2020 sendo estas as seguintes:

Nº de Lote	Empresas Licitadoras	Total SOBRE "B"
1	PROFESIONAIS DA INNOVACIÓN XESTIÓN EMPRESARIAL E FORMACIÓN S.L. (PIXFOR)	24,0
2	DESERTO	
3	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	13,5
	FUNDACIÓN LABORAL DE LA CONSTRUCCIÓN	23,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	34,0
4	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	13,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	34,0
5	MAGNAFOR QUALITAS S.L.	35,0
6	BE ONE CAMPOLONGO S.L.	23,5
7	ACADEMIA TRINIDAD SL / BIG FORMACIÓN	23,5
8	MAGNAFOR QUALITAS S.L.	34,5
9	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	13,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	34,0
10	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	13,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	34,0
11	DESERTO	
12	EUROTEC INSPECCIÓN S.L.U.	9,0
	MOBA SKILL TRAINING S.L.	34,0
13	CENTROS AGRUPADOS DE FORMACIÓN S.L. (CENAFORM)	23,0



Nº de Lote	Empresas Licitadoras	Total SOBRE "B"
	CENTRO FORMACIÓN ICA S.L.	13,5
	FORMACOMER GADICOM SL (FORMACOM)	25,5
	G12 GRUPO EMPRESARIAL DE SERVICIOS S.L.	34,0

Así memo informa que non realizará a apertura dos sobres "C" presentados polas empresas, EUROTEC INSPECCIÓN S.L.U., no lote 12, e CENTRO FORMACIÓN ICA S.L., nos lotes 3, 4, 9, 10 e 13, por non alcanzar o mínimo do 50% da puntuación máxima asignable (19,50 puntos) en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B) esixido para a continuidade no procedemento selectivo aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xenera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descrición e descarga da documentación presentada no sobre "C" das empresas que acadaron un mínimo do 50% da puntuación máxima asignable en función dos criterios avaliados mediante un xuízo de valor (sobre B).

O valores ofertados foron os seguintes:

Lotes	Empresas	Prezo ofertado	Certificación calidade
Lote 1	Profesionais da innovación, xestión empresarial e formación SL	19.200,00 €	SI
Lote 3	G12 Grupo empresarial de servicios SL	16.283,30 €	SI
	Fundación Laboral de la Construcción	23.300,00 €	SI
Lote 4	G12 Grupo empresarial de servicios SL	19.750,50 €	SI
Lote 5	Magnafor Qualitas SL	23.075,48 €	SI
Lote 6	Be One Campolongo SL	31.999,00 €	SI
Lote 7	Academia Trinidad SL (Big Formación)	35.685,00 €	SI
Lote 8	Magnafor Qualitas SL	29.130,35 €	SI
Lote 9	G12 Grupo empresarial de servicios SL	15837,90 €	SI
Lote 10	G12 Grupo empresarial de servicios SL	15.785,50 €	SI
Lote 12	Moba Skill Training SL	24.477,10 €	SI
	G12 Grupo empresarial de servicios SL	30.058,00 €	SI
Lote 13	Centros agrupados de formación empresarial SL	39.291,00 €	SI
	Formacomer Gadicom SL	29.967,00 €	SI



A Mesa de Contratación acorda facultar ao secretario para que, de resultar ofertas incursas en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

10. Apertura electrónica dos sobres "B" correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor, presentada polas empresas que participan no procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. (Expte.- 2021038283).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión do día 8 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento restrinxido, do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar no Suplemento ó Diario Oficial da Unión Europea con data 14 de outubro de 2021, aparecendo publicado o día 19 de outubro de 2021 (Anuncio 2021/S 203-530526). Así mesmo publicouse anuncio no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 18 de outubro de 2021, e tamén os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento restrinxido.

A Mesa de Contratación na reunión do día 18 de novembro de 2021 procedeu á apertura das solicitudes de participación e acordou

1. Admitir as solicitudes de participación presentadas dentro do prazo establecido ao efecto polas seguintes empresas:
 - ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU (NIF: B-27786045)
 - ANÓNIMO ADVERTISING, S.L.. (NIF: B-36721900)
2. Non admitir a solicitude de participación da empresa, ICONWEB AGENCIA DE DISEÑO Y MARKETING, S.L. (NIF: B94093135) neste procedemento restrinxido por figurar a súa solicitude como presentada fóra do prazo establecido ao efecto

A Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2021 procedeu a cualificar a documentación acreditativa da personalidade e solvencia das empresas que presentaron solicitude de participación no procedemento e que resultaron



admitidas, e a vista da mesma e de conformidade co establecido nas cláusulas do prego económico administrativo acordou:

1. Propoñer ao órgano de contratación a exclusión deste procedemento da empresa ANÓNIMO ADVERTISING, S.L. (NIF: B-36721900) ao non acreditar a solvencia técnica necesaria para participar no mesmo.
2. Propoñer ao órgano de contratación que convide á empresa ESMERARTE INDUSTRIAS CREATIVAS SLU (NIF: B-27786045) a presentar a proposición, no prazo de 25 días contados desde a data do envío da invitación, a través da Plataforma de Licitación Electrónica VORTAL, e nos termos establecidos no Pregos de Cláusulas Administrativas e Prescricións Técnicas.

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno na sesión do día 23 de decembro de 2021 acordou invitar á empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045), a presentar proposición para optar a adxudicación do contrato correspondente ao servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas. A invitación á empresa Esmerarte Industrias Creativas SLU (NIF: B-27786045), a presentar proposición para optar á adxudicación do contrato correspondente ao citado servizo foi realizada a través da Plataforma de Licitación Electrónica da Deputación de Pontevedra en data 27 de decembro de 2021. A empresa presenta a proposición dentro do prazo establecido.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma de licitación electrónica Vortal mediante a súa clave persoal, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á descriptación e descarga da documentación do sobre "B" correspondente a documentación técnica presentada pola única empresa invitada e que presenta oferta ao procedemento restrinxido convocado para a contratación do servizo de creatividade e lanzamento da campaña de comunicación e promoción turística do Destino Rías Baixas.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación descargada do sobre "B" que presentou a única empresa invitada, ao Servizo Turismo Rías Baixas, para que avalíe e pondere a proposta ofertada seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento restrinxido.

11. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios automáticos do procedemento convocado para a enaxenación por poxa pública de varios vehículos da Deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación e destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT). (Expte.- 2020049052).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que por Resolución do Deputado Delegado da área de Réxime Interior, Economía, Facenda e Oral nº 2021007161 de data 3 de decembro de 2021, aprobouse o expediente do procedemento para a *“Enaxenación por poxa pública de varios vehículos da Deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación e destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT)”*. O anuncio convocando este procedemento de poxa pública publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 5 de xaneiro de 2022. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas que rexen este procedemento.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de licitación electrónica Vortal que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar as ofertas presentadas polos licitadores. A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de VORTAL, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á Mesa de Contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación obsérvase que non existe ningunha oferta presentada dentro do prazo establecido ao efecto.

A Mesa de Contratación acorda propor ao órgano de contratación, que se declare deserto o procedemento convocado para a enaxenación por poxa pública de varios vehículos da Deputación ao final da súa vida útil para o seu tratamento, descontaminación e destrución definitiva en centro autorizado de tratamento (CAT), con motivo de que unha vez rematado o prazo de presentación de ofertas, non se presentou ningunha empresa interesada na adxudicación da citada poxa.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as once horas e corenta e tres minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, o Presidente da Mesa de Contratación.

